



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE CASTRILLÓN, EIRÍS E MONELOS (ACOCEM) PARA DESENVOLVER ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E DINAMIZACIÓN DURANTE O ANO 2026.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. INÉS REY GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen os artigos 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (en diante LALG) e o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LBRL).

Doutra parte, D^a. ESTRELLA PÉREZ SUÁREZ, maior de idade, en calidade de Presidenta, nomeada na asemblea celebrada con data 28.05.2025, en representación da entidade Asociación de Comerciantes de Castrillón, Eirís e Monelos (en diante ACOCEM) con CIF G70325345 E domicilio social na rúa Vicente Aleixandre, 4-baixo (15009 A Coruña), cuxos estatutos constan aprobados con data 07.03.2012.

Ambas as partes recoñécense entre si a competencia e capacidade xurídica suficientes e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

MANIFESTAN

Que o Concello da Coruña (en diante o CONCELLO), para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións do conxunto do tecido veciñal coruñés.

Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: (a) que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios; (b) que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar, ou a concorrencia dunha situación, debendo o



beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos e (c) que o proxecto financiado deberá ter por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Esta mesma previsión recóllese no artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na recente Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada na sesión ordinaria do pleno celebrada o 6 de xuño do 2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 157 do pasado 16 de agosto de 2024.

Que ACOCEM (en diante, a ENTIDADE) é unha entidade sen ánimo de lucro que, segundo establece nos seus Estatutos, o seu obxecto e finalidade é a promoción e defensa dos intereses comúns dos comerciantes e todo o relacionado con eles e, en especial, entre outros: o apoio e dinamización do comercio da zona de Castrillón, Eirís e Monelos, e o de toda a cidade da Coruña; o fomento da colaboración dos distintos comerciantes; promover as mellores condicións para o fomento da iniciativa privada, facilitando, dentro das súas posibilidades, a creación de novas empresas e comercios e a subsistencia e potenciación das xa existentes e contribuír á mellora da imaxe pública dos sectores nos que se desenvolve a actividade dos asociados, fomentando unha mellor información e atención ao público en xeral

Que a ENTIDADE é unha organización privada que por razón da súa actividade non queda en relación de dependencia con respecto ao CONCELLO. Polo tanto, este non será responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase se puidesen producir durante o desenvolvemento da actividade.

Que o CONCELLO entende que a actividade da ENTIDADE é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para este ano 2026 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor da ENTIDADE por un importe de dez mil euros (10.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 20 922 48950 coa finalidade de financiar “*actividades de promoción económica e dinamización*” durante o presente ano.

Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que se poderán conceder de forma directa as subvencións que se recollen nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos



nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. O artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. Estas previsións recóllense tamén no artigo 31 da nova Ordenanza municipal.

Que podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como por pedimento da entidade interesada, a ENTIDADE, atendendo ao requirimento municipal, presentou por rexistro con data 09.03.2026 a documentación necesaria para a subscrición do convenio. Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS e a Ordenanza municipal, a concellaría responsable da área de Economía e Planificación Estratéxica por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo de 04.07.2024 publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024) , e de acordo co artigo 127.1.g) da LRBRL, resolve autorizar o gasto en favor da ENTIDADE, en concepto de subvención directa para actividades de promoción económica e dinamización por importe de dez mil euros (10.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 20 922 48950 e subscribir o correspondente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto da axuda e período de realización da actividade.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o CONCELLO e a ENTIDADE, co fin de contribuír a desenvolver actividades de promoción económica e dinamización durante o ano 2026.

A especificación da finalidade citada consta descrita na memoria achegada pola ENTIDADE en data 09.03.2026, que se achega ao presente convenio como anexo.

En calquera caso, as actividades ou proxecto que se financian con cargo a este convenio desenvolveranse entre o 01 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso.

Segunda. Normativa reguladora.

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada na sesión ordinaria do pleno celebrada o 6 de xuño do 2024 e publicada no BOP núm. 157, do 16 de agosto de 2024.

Terceira. Contía e crédito orzamentario.

A contía da subvención obxecto do presente convenio ascende a dez mil euros (10.000,00 €) que é o importe total máximo do crédito orzamentario autorizado con cargo á partida 20 922 48950 do Orzamento xeral municipal do ano 2026.

Conforme ao disposto no art. 32 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (en diante, RLXS), enténdese este crédito orzamentario como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

Cuarta. Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que poida establecer a normativa reguladora das devanditas axudas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, de forma illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo da actividade subvencionada. En particular, terán esa consideración os patrocinios.

De conformidade co disposto no art. 34 do RLXS, de ser compatible esta achega con outras subvencións, cando se produza un exceso das cantidades percibidas de distintas entidades públicas con respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre si, a ENTIDADE beneficiaria deberá de reintegrar o exceso ás entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que O



CONCELLO advirta un exceso de financiamento esixirá o reintegro do importe total dese exceso ata o límite da subvención abonada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, nin o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Quinta. Obrigas da entidade beneficiaria.

A ENTIDADE comprométese a destinar os fondos da presente subvención municipal á finalidade prevista, que se desenvolverá no exercicio ao que se refire este convenio, e a presentar a documentación xustificativa nos termos que a continuación se establecen.

A ENTIDADE comunicará por escrito e de forma motivada, cunha antelación mínima de dous meses á finalización da actividade obxecto da subvención, calquera modificación dos datos que identifican o proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos previstos, para a súa previa aprobación.

A ENTIDADE comunicárase co CONCELLO a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP), e remitirá canta documentación dirixa ao CONCELLO ben a través do seu rexistro electrónico, situado na sede electrónica da devandita administración ([sede electrónica](#)), ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da LPACAP.

A ENTIDADE comprométese a comunicarlle ao CONCELLO, nun prazo máximo dun mes desde que tivese coñecemento da concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, que procedan de calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien estas actividades. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.

Todas as actuacións desenvolvidas pola ENTIDADE serán obxecto de seguimento polo persoal técnico municipal, polo que a ENTIDADE se someterá a todas as actuacións de verificación económica e técnica do Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española. A ENTIDADE tamén estará suxeita a calquera outra actuación de



comprobación de control financeiro que poidan realizar os órganos competentes (Intervención Xeral Municipal, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas), achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c da Lei xeral de subvencións).

A ENTIDADE comprométese a facilitar a documentación necesaria para a adecuada comprobación administrativa e os controis financeiros da subvención concedida.

A ENTIDADE comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

A ENTIDADE comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

A ENTIDADE comprométese ao cumprimento estrito das disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de salarios mínimos por categorías profesionais, tipos de contratos, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc. O persoal que se vaia empregar para a realización da finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este Concello. O CONCELLO estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obriga.

A ENTIDADE comprométese a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou outras, resulten necesarias para o desenvolvemento da actividade.

En todas as accións, comunicacións ou presentacións públicas que se deriven da execución do convenio, deberase de facer constar de maneira expresa a colaboración que presta O CONCELLO, debendo incorporarse de forma visible o seu logotipo oficial, regulado no Manual de Imaxe Corporativa do Concello da Coruña ([imaxe corporativa](#)). No caso de que a actividade subvencionada xa se tiver realizado, como permite o artigo 2 da LXS, deberá facerse visible nos espazos dixitais (agás que non dispuxer deles) e físicos da ENTIDADE beneficiaria, por un tempo mínimo dun ano, desde a concesión da axuda.

No marco da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral



da violencia de xénero, da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e o artigo 42 da Ordenanza municipal para a igualdade e diversidade do Concello da Coruña (BOP 204 de 25.10.2019), a ENTIDADE comprométese a:

- Á igualdade entre mulleres e homes no trato, á igualdade nas oportunidades de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral, así como de adopción de medidas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo.
- Facer un uso non sexista da linguaxe en todos os documentos e soportes que produza.
- Medidas para favorecer a conciliación e a corresponsabilidade na vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do convenio.
- Evitar e previr os prexuízos, prácticas e utilización de expresións verbais e imaxes fundadas sobre a idea da superioridade ou inferioridade dun ou outro sexo, ou sobre os roles femininos e masculinos estereotipados ou doutros colectivos da sociedade diversa.
- Utilizar unha información, comunicación e iconografía non sexista.
- Evitar en todas as informacións, comunicacións, iconografía e escritos que xeren calquera fórmula que reflecta ou transmita ideas ou actitudes discriminatorias por razón de sexo ou de xénero.
- Evitar a discriminación por razón de sexo nas actividades que desenvolvan de acordo coa finalidade deste convenio.
- Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promocionar a igualdade entre mulleres e homes na diversidade. Para iso, comprométese a presentar, na memoria xustificativa, a desagregación por sexo dos datos das persoas beneficiarias dos proxectos e das persoas traballadoras da asociación.
- No seu caso, as accións de prevención de riscos laborais e a saúde incluírán a perspectiva de xénero e adaptarán o seu contido ás características diferenciadas de sexo.

A ENTIDADE comprométese a que todo o persoal dedicado á realización de actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpra co requisito previsto no artigo 13.5



da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil asinando unha declaración responsable que está incluída no formulario da solicitude.

A ENTIDADE observará as novas disposicións establecidas en materia de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes pola Lei orgánica 2/2024, do 1 de agosto (BOE núm. 186, de 02.08.2024).

A ENTIDADE comprométese a cumprir coas restantes obrigas impostas pola normativa xeral e municipal en materia de subvencións á que se fai referencia na cláusula segunda precedente.

Os incumprimentos que afecten tanto á normativa de igualdade, como á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, e á Lei orgánica 2/2004, do 1 de agosto, cando resulte aplicable, consideraranse como un incumprimento de obrigas formais, das previstas no artigo 56 letra c) da LXS.

A ENTIDADE comprométese a cumprir o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de xuño de 2021). A comunicación, en todas as súas formas; e a produción escrita e oral de toda a actividade subvencionada neste convenio polo Concello da Coruña deberá estar en lingua galega.

O incumprimento desta obriga, fixada na Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega do Concello da Coruña, será igualmente considerado como un incumprimento de obrigas formais, das previstas no artigo 56 letra c) da LXS.

Sexta. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, e se realicen entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro do respectivo exercicio.

No suposto de que se subvencione unha actividade cun prazo de execución inferior ao ano natural, prevalecerá este prazo para determinar os gastos admisibles como realizados dentro do prazo establecido para desenvolver a actividade obxecto de subvención.



Tamén se considerarán subvencionables aqueles gastos que, cumprindo a condición anterior, se acrediten con xustificantes emitidos nos dous meses seguintes á finalización do devandito prazo.

Os ditos gastos deberán estar efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula novena deste convenio e normativa de aplicación.

Os gastos de persoal directa e indubitadamente vinculados ao exercicio da actividade subvencionada -incluídos desprazamentos e aloxamentos cos requisitos e condicións legais e regulamentariamente establecidas-, deberán xustificarse, dentro da actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade que resultan estritamente necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.

E, para o caso de que se imputen ao obxecto do convenio custos de persoal de estrutura ou que xa pertencen á entidade beneficiaria, anéxase a este convenio, configurándose como parte inseparable do mesmo, a relación presentada pola entidade beneficiaria con carácter previo á subscripción deste convenio, debidamente avaliada e autorizada polo servizo xestor municipal da subvención, na que se detalla a composición, número, categoría profesional, intensidade e dedicación de todos e cada un dos traballadores da entidade beneficiaria que se consideran necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como o medio establecido para a acreditación e comprobación da realidade da súa participación. Con todo, ao finalizar o proxecto será necesario especificar as tarefas realizadas e o tempo dedicado ás mesmas proporcionando en todo caso evidencias acerca da súa dedicación efectiva ao proxecto subvencionado.

Non serán válidas as porcentaxes de imputación dos custos de persoal establecidos de maneira aleatoria e cuxa xustificación resulte insuficiente para acreditar a súa dedicación efectiva ao proxecto, tendo en conta a súa xornada laboral e a súa dedicación a outros proxectos ou tarefas diferentes ás subvencionadas.



Por outra banda, non serán subvencionables as retribucións voluntarias, extraordinarias ou outras de carácter non consolidable que se puxesen de manifesto durante o período de vixencia do convenio. A estes efectos, só serán subvencionables as retribucións consolidadas así como as correspondentes a actualizacións de salarios por cumprimento de convenio aplicable.

A realización de actividades formativas en liña ou telemáticas deberá documentarse, incluíndo a opción de formato dixital, respectando os dereitos á privacidade do alumnado, de tal maneira que permita comprobar, en todo caso, a data da súa realización, inicio e finalización así como as persoas participantes.

Outros gastos de estrutura da entidade só serán subvencionables na parte que razoablemente corresponda, imputados de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada.

Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

Non serán subvencionables os gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias, así como tampouco os que se deriven da adquisición de gastos suntuarios ou outros que poidan considerarse liberalidades.

En ningún caso o custo de adquisición dos conceptos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terán o carácter de subvencionables os custos indirectos, e así se reflectirá no orzamento presentado, ata o importe máximo equivalente á porcentaxe do 13% do gasto a realizar do orzamento presentado para a concesión da subvención ou do gasto realizado e xustificado. Nos casos nos que no orzamento ou na conta de gastos de xustificación presentada se incorporen achegas e axudas de terceiros alleos ao beneficiario ou ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes, o importe máximo será o 13% dos gastos a realizar ou dos realizados e xustificadas, pero descontando destes gastos, e antes de aplicar a dita porcentaxe, as axudas e achegas de terceiros e/ou os ingresos por



inscricións, despacho de billetes ou equivalentes. Para a consideración destes gastos indirectos sen xustificación, como gastos subvencionables, deberá acreditarse, coa presentación do orzamento da subvención, que a entidade beneficiaria ten gastos estruturais polo menos por este importe. Os custos indirectos non requirirán xustificación adicional.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos relacionados directamente coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta. En ningún caso, serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, as recargas e as sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

Sétima. Subcontratación.

Enténdese que a ENTIDADE subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o propio beneficiario para a realización da actividade subvencionada; isto é, cando a entidade beneficiaria efectúa unha provisión de medios para levar a cabo a actividade por si mesma e/ou dentro do ámbito de organización e dirección da propia beneficiaria da subvención.

A actividade subvencionada que a ENTIDADE subcontrate con terceiros non excederá do 50% do importe da subvención.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido desta.

Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000,00 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se celebre por escrito.
- b) Que a celebración deste se autorice previamente polo Concello.



Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante a ENTIDADE, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte ao CONCELLO.

A efectos do previsto no apartado anterior, a ENTIDADE será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites que se establezan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía de gastos subvencionables, e os subcontratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 LXS para permitir a adecuada verificación do cumprimento dos devanditos límites.

En ningún caso poderá concertarse pola ENTIDADE a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de subcontratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vencelladas coa ENTIDADE, agás que concorran as seguintes circunstancias:
 - Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado
 - Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola ENTIDADE vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación da subvención pola beneficiaria cos custos reais e acreditados da ENTIDADE vinculada contratada pola mesma, nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da ENTIDADE.
 - Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte modo:
 - A persoa interesado deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada.



- O órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou subministracións que poden ser obxecto de contratación.

Cando os subcontratistas realicen contratos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 23 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a estes contratos aplicaráselles as normas previstas na citada lei.

Tanto para a subcontratación como, de ser o caso, para a contratación, se se superan os límites establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor en función da respectiva tipoloxía contractual, deberán solicitarse, a lo menos, tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á contratación do correspondente compromiso.

Esta determinación non se aplicará cando polas especiais características da prestación, non existan no mercado suficiente número de entidades que realicen esa prestación.

Tampouco se aplicará se o gasto se tiver realizado con anterioridade á concesión da subvención, aínda que se deberá xustificar o prezo de mercado.

No caso de contratacións con entidades ou persoas vinculadas tamén se deberá solicitar autorización previa, como ocorre coa subcontratación de actividades subvencionadas.

De outorgarse a subvención para unha actividade xa realizada e tanto para a figura da contratación como para a categoría da subcontratación con entidades ou persoas vinculadas, deberán xustificarse na memoria do expediente da subvención, as razóns de oportunidade de cada unha delas e será expresamente autorizada na resolución de concesión da subvención e aprobación do convenio.

Oitava. Aboamento da subvención.

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da ENTIDADE e o pago da achega realizaranse despois de presentar e aprobar a xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase resolución declaratoria da perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 de LXS.



Tamén se poderán realizar pagos anticipados ata o importe total da subvención concedida, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, a ENTIDADE deberá solicitalo expresamente e deberá constituír unha garantía do 10% do importe da subvención que efectivamente solicite como anticipo, que se realizará mediante a retención por parte do Concello, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios, ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e se non existise responsabilidade por parte da ENTIDADE, procederase a devolver a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá pagarse a subvención en tanto a ENTIDADE non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de reintegro. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento das devanditas obrigacións. A sinatura do convenio da subvención implica o consentimento expreso da entidade beneficiaria para estas consultas por parte do Concello.

O importe da subvención está vencellado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A ENTIDADE beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

O recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche de conformidade coa xustificación do ano ou anos anteriores e ao cumprimento do establecido no artigo 40.7 da Ordenanza municipal das bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (publicada no BOP núm. 157 do 16.08.2024).

Unha vez acreditado o cumprimento destes condicionantes respecto das subvencións precedentes, concedidas ao mesmo beneficiario, poderá continuarse coa tramitación para proceder ao recoñecemento de obrigas e, de ser o caso, á realización de pagamentos anticipados.



Acreditado o cumprimento dos requirimentos previstos no parágrafo precedente, tamén se poderán efectuar, alternativamente aos pagos anticipados, pagamentos a conta por unha contía equivalente á xustificación parcial presentada, como pagos fraccionados, acompañados ao ritmo de execución da actividade subvencionada, coa natureza de pagos provisionais, suxeitos á xustificación da totalidade da subvención outorgada e á súa liquidación final.

Para efectuar o pago a conta deberá presentarse unha solicitude expresa, acompañada dunha memoria xustificativa das necesidades de financiamento, na que se acredite razoadamente a opción do pago a conta en lugar do pago anticipado.

Na memoria precisarase o ritmo de execución da actividade, os gastos parciais incorridos e a relación de proporción cos gastos totais subvencionados. Achegaranse as facturas xustificativas dos gastos así como outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. E, en xeral, os restantes medios previstos na cláusula novena deste convenio para a xustificación de gastos, aínda que con carácter parcial coherentes co ritmo de execución e do pagamento parcial solicitado.

Novena. Xustificación.

Unha vez que termine a actividade, ou ben cando a ENTIDADE realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran tres meses desde o fin da vixencia do convenio, a ENTIDADE deberá presentar a seguinte documentación, para os efectos da xustificación, que en todo caso deberá incluír todos os gastos e ingresos da actividade, sen que poidan nin deban excluírse ningún recurso (propio ou alleo) que o financie nin ningún gasto da actividade aínda que os gastos totais sexan superiores á subvención.

- a) Impreso de presentación de solicitude de xustificación cubrindo o modelo correspondente, que inclúe a xustificación das desviacións do balance con respecto ao orzamento, se procede, para comprobar a medida na que se axusta o balance ao orzamento inicial. Neste sentido, o importe da subvención está vencellado ao orzamento total presentado e nunca superará o déficit da actividade. No caso de que o balance reflecta desviacións á baixa con respecto ao orzamento inicial, resolverase o reintegro da achega municipal polo importe que pase do custo total da actividade.



- b) Unha memoria que acredite que a actividade foi realizada, así como o grao de cumprimento dos obxectivos, mediante a cobertura do modelo correspondente. A ENTIDADE deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.
- c) O balance de ingresos e gastos efectivamente realizados con motivo da actividade, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial, cuberto segundo o modelo establecido. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado.
- d) A relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, NIF, número de xustificante de pago, data de emisión, importe, concepto e data de pago mediante a cobertura do modelo establecido. A orde dos documentos xustificativos que se presenten deben coincidir coa numeración que se estableza en aplicación deste convenio-tipo.
- e) Con independencia do seu reflexo no balance, deberá de presentarse unha certificación actualizada das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado, mediante a cobertura do modelo normalizado.

O gasto xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os xustificantes de valor equivalente deberán reunir os requisitos que establece o artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación.

No caso de que a subvención outorgada se destine a pagar a persoas físicas pola prestación de servizos retribuídos, ao pago de premios ou ao pago de axudas de custo, a ENTIDADE beneficiaria estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a lei, o regulamento do imposto, ou as demais disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse cos modelos 111 e 190 da AEAT e os correspondentes xustificantes de pago.

Para xustificar os gastos ocasionados polo arrendamento de inmobles, a ENTIDADE estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a lei, o regulamento do imposto ou as demais disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse cos modelos 115 e 180 da AEAT e os correspondentes xustificantes de pago.



No caso de imputarse gastos de persoal, achegaranse as nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos RLC e RNT debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado do xustificante bancario de pago, aínda no caso de que non se imputen custos de seguridade social. O modelo RNT deberá estar asinado pola persoa autorizada no caso de que as nóminas confecciónense de maneira telemática polo Sistema REDE. Así mesmo, achegaranse o modelo 111 (declaración trimestral) e modelo 190 (resumo anual) da AEAT das retencións practicadas aos traballadores suxeitos ao IRPF e os correspondentes xustificantes de pago.

Nos supostos previstos no artigo 31.3 da LXS, a ENTIDADE deberá achegar xunto coa xustificación os tres orzamentos solicitados a tres provedores diferentes referidos ao devandito servizo.

Só se admitirán pagos en metálico, con carácter excepcional, en facturas de contía inferior a 300,00 euros. Para xustificar os pagos en metálico deberá achegarse un recibo no que conste que ao emisor lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura que lle corresponde, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto conste que recibiu o importe e a data en que o recibiu, quedando así acreditada a conformidade da persoa contratista ou provedora.

A acreditación xeral da realización do pago de gastos será a transferencia bancaria ou a domiciliación dos gastos, debendo acompañarse a factura do xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pago realízase mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais copia do mesmo, ademais do extracto do movemento bancario, que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

Recoméndase que todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio se realicen desde unha única conta bancaria, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a propia ENTIDADE.

Tamén se considerará efectivamente pagado un gasto coa cesión do crédito ou do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, así como coa entrega de efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.



O CONCELLO resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a ENTIDADE quedará obrigada a facilitar canta información lle requira o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.

Décima. Reintegro.

Esixírase o reintegro das cantidades percibidas e os xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que puidesen impedir a súa consecución.
- Incumprir total ou parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumprir a obrigaón de xustificación ou xustificar de forma insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprir a obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta deste convenio.
- Ofrecer resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LGS, así como incumprir as obrigaóns contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso de concorrer varias subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, reintegrarase o exceso do importe producido.
- No caso de xustificar fóra do prazo sinalado na cláusula novena, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do RLXS.
- Nos demais supostos que prevén a LXS e a Ordenanza municipal.



A devolución de fondos da subvención por iniciativa da ENTIDADE efectuarase conforme establece o artigo 44 da Ordenanza municipal.

Décimo primeira. Publicidade e difusión.

O réxime de publicidade desta subvención suxéitase ao disposto no artigo 16 da Ordenanza Municipal.

A difusión das actividades, accións ou proxectos que se financian con cargo á presente subvención adecuarase ás obrigas establecidas para a ENTIDADE na cláusula quinta deste convenio.

Décimo segunda. Vixencia do convenio.

A vixencia deste convenio será anual, e computarase desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do presente ano.

Décimo terceira. Causas de resolución do convenio.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o presente convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer algunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo segunda.
- b) O acordo unánime de ambas as partes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a



indemnización dos danos e perdas causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación destas.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento, vixilancia e control.

Conforme ao artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público constituirase no prazo dun mes desde a sinatura do presente convenio unha Comisión de seguimento, vixilancia e control do mesmo.

A composición será paritaria e constará de catro membros: dous representantes da ENTIDADE e dous representantes do CONCELLO, correspondéndolle a un dos membros do Concello a presidencia con voto de calidade.

As súas funcións serán:

- a) O seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes asinantes.
- b) A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto ao convenio.
- c) A mediación nas discrepancias que se poidan producir na interpretación efectuada por cada unha das partes.
- d) Aqueloutras funcións que resulten necesarias ou convenientes, con acordo das partes, que tendan a unha maior eficacia do convenio.

A comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes. Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.



A comisión reunírase cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos conforme aos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo quinta. Protección de datos.

Ambas as dúas partes comprométese a cumprir co disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos, e en particular, co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A ENTIDADE, en canto ao tratamento de datos de carácter persoal relativos ao presente convenio, é encargada do tratamento, sendo o CONCELLO o responsable do tratamento. Como encargada, a ENTIDADE queda obrigada ao cumprimento das seguintes obrigas:

- A tratar unicamente aquela información de carácter persoal necesaria para a correcta execución e finalidade do presente convenio.
- Non utilizar os datos persoais para fins propios.
- Realizar o tratamento de datos conforme as instrucións do CONCELLO da Coruña.
- Levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do CONCELLO da Coruña.
- Asistir ao Concello da Coruña no exercicio dos dereitos por parte das persoas usuarias afectadas polo convenio.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas ou entidades, salvo que conte coa autorización expresa do Concello da Coruña ou nos supostos legalmente admisibles.
- Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal que tivese acceso en virtude do presente convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto, así como garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes.
- Aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco.
- Notificar ao Concello da Coruña, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo establecido legalmente, as violacións da seguridade dos datos persoais



ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

- A elección do Concello da Coruña, suprimir ou devolver todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, así como calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Con todo, a ENTIDADE poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.
- Poñer ao dispor do Concello da Coruña, se fose preciso, toda a información acreditativa do cumprimento das obrigacións respecto ao encargo do tratamento.

Décimo sexta. Responsabilidade.

A ENTIDADE queda sometida ao réxime de responsabilidade e sancionador establecido no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo sétima. Natureza do convenio.

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas normas previstas na cláusula segunda. As posibles cuestións litixiosas ou controversias ás que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ambas as dúas partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais desta capital, co que A ENTIDADE renuncia ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, na data da súa sinatura electrónica,

Polo CONCELLO,

Pola ENTIDADE,

A alcaldesa

A presidenta

Inés Rey García

Estrella Pérez Suárez